

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO (CLUBTURA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MÚSICA AO VIVO DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)

DECLARA:

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa ASOCIACIÓN GALEGA DE SALAS DE MÚSICA AO VIVO (CLUBTURA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 1 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é colaborar no financiamento dos gastos derivados daqueles programas e actividades que promovan o desenvolvemento e a reactivación do sector das salas de concertos ao vivo na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2021 asociadas á Asociación asinante deste convenio.

A Asociación só poderá realizar as actividades descritas no presente convenio naquelas salas de concerto de música ao vivo que contén coa preceptiva licenza municipal ou permiso específico do concello para a realización da actividade.

Este financiamento por parte da Agadic contribuirá ao desenvolvemento dun programa musical ao longo de todo o territorio galego, dando oportunidades tanto aos artistas como ao sector empresarial cultural para programar actividades nun escenario nada favorable pola incidencia da crise da COVID-19.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo é a única entidade representativa do sector polo que a súa participación nun programa deste tipo revélase esencial xa que habilita a un interlocutor único fortalecendo así o tecido asociativo, deseñando unha programación coordinada e achegando unha imaxe de conxunto o que é positivo para a cultura galega.

A Agadic vulga necesario apoiar esta iniciativa porque permitirá, por unha banda, impulsar o sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural para o mantemento do emprego e a xeración de recursos económicos e, por outra banda, revitalizar o tecido social e cultural arredor do ocio e lecer, dando confianza ao público de que a cultura é, de debe seguir sendo, segura.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

